


## Información



### **Galicia, rexión amiga da economía social**

O vindeiro 5 de xuño Galicia reunirá as partes implicadas no eido da economía social a nivel rexional e local para debater ideas sobre os retos sociais existentes e coñecer as iniciativas, os proxectos e os programas de apoio da UE e intercambiar puntos de vista cun experto da Comisión Europea.

[Ver máis](#)

### **Terra de Trasancos mostra a estudantes o potencial do cooperativismo**

A Fundación Terra de Trasancos recibiu o alumnado do ciclo de Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural do CIFP de Santiago para ensinarlle como desenvolven a súa actividade baixo o modelo da economía social.

[Ver máis](#)

### **Gobernanza cooperativa nas Comunidades de Montes Veciñais**

Recentemente tivo lugar este obradoiro centrado en aspectos relacionados coa xestión e administración das comunidades e en casos prácticos de éxito.

[Ver máis](#)

## Actividades

**ELABORA  
O TEU PLAN DE EMPRESA  
COOPERATIVO**



*Edición en VIGO  
do 4 ao 7 de  
Xuño de 2019*

### **Novo obradoiro: Elabora o teu plan de empresa cooperativo**

O obxectivo deste obradoiro é mostrarlles ás persoas destinatarias as condicións e pasos que hai que dar para emprender baixo a fórmula cooperativa e coñecer o que deben analizar e ter en conta para facer da súa idea un proxecto viable e cooperativo.

**Datas:** 04/06/2019 ao 07/06/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30 h

**Duración:** 20 h

**Lugar:** EUEE, Universidade de Vigo, aula 22

**Inscripcións:** [formulario](#) / 986866149 /

teresa@espazo.coop

[Ver máis](#)



## Almorzo informativo polo desenvolvemento dunha cultura empresarial inclusiva

Con este encontro entre entidades de economía social orientadas a tecido empresarial, trátase de impulsar a intercooperación, incrementar as posibilidades de negocio ou a rede comercial dos CEEI, buscar alianzas e estratexias de cooperación, ampliar a Rede Cesagal e sensibilizar o tecido empresarial sobre o valor social dos CEEI.

**Datas:** 11/06/2019

**Horario:** 09:00 h

**Duración:** 01:30 h

**Lugar:** avda. de Puxeiros, 64, Mos (Vigo)

[Ver máis](#)

## Novo obradoiro: Dinamización do cooperativismo nun sector con potencial

Este obradoiro ten como obxectivo formar o alumnado para detectar e priorizar sectores potenciais para o desenvolvemento cooperativo, coñecer a súa realidade e procurar modelos alternativos para a dinamización do sector.

**Datas:** 11, 13, 18 e 20/06/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30 h

**Duración:** 20 h

**Lugar:** rúa Dublín, 6, Santiago de Compostela

**Inscripcións:** [formulario](#) / 981568100 /

[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)

[Ver máis](#)



## Rede Eusumo

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

Máis información en:



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)



**XUNTA DE GALICIA**